



Concello de
OURENSE

51/21.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE NOVEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o dezaioito de novembro de dous mil vinte e un, sendo as oito horas e trinta minutos (8h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal, dona Gemma Tamargo Suárez;- ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 10 de novembro de 2021.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 233/2021 interposto por Pilar Moreira Martínez. Expte. 2021043844.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 233/2021 interposto por Pilar Moreira Martínez contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polas lesións sufridas por mor dunha caída na Plaza de Abastos por un importe de 1.229,28 euros. A data do xuízo é o 03/05/2022.

3.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 34/2021 interposto por María José Arias Liste. Expte 2021043855.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 34/2021 interposto por María José Arias Liste contra o acordo da xunta de goberno local de 11/03/2021 desestimatorio da reclamación de responsabilidade patrimonial



interposta polos danos sufridos no seu vehículo matrícula 8206KJN por mor dunha focha sita na Rúa Bispo Lourense por un importe de 140,84 euros. A data do xuízo é o 16/02/2022.

4.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 225/2021 interposto por Elia Álvarez Álvarez e Xabier García Álvarez. Expte 2021043862.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 225/2021 interposto por Elia Álvarez Álvarez e Xabier García Álvarez contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polas lesións sufridas o meter o pé nunha reixa de recollida de augas pluviais na Ribeira do Miño- Ribera de Canedo por importe de 12.865,16 euros.

5.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 235/2021 interposto por José Miguel Rodríguez Araujo. Expte 2021043864.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 235/2021 interposto por José Miguel Rodríguez Araujo contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos sufridos no seu vehículo por mor dunhas losetas que estaban soltas na calzada sita na Rúa Laureano Prieto por importe de 568,62 euros.

6.- Personamento do Concello diante do Xulgado de Instrucción núm. 2 de Ourense para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos, nas Dilixencias Previas núm. 1123/2021. Expte 2021043867.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado de Instrucción núm. 2 de Ourense emprazou ao Concello para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos, nas Dilixencias Previas num. 1123/2021 que se seguen pola comisión dun delito pola condución baixo influencias de bebidas alcohólicas e danos en bens de titularidade municipal (bolardos de sinalización sitos na Rúa Pardo de Cela), polos feitos ocorridos o 28 de xuño de 2021 e que constan no Atestado 662/2021.

Esta avogacía considera convinte o personamento do Concello no devandito procedemento.

7.- Dar conta da Sentenza ditada polo TSXG en autos de apelación 95/2021, interposto polo Concello de Ourense, e por don José Antonio Filgueira Formoso. Expte 2021043870.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º. Coñecer e non recorrer, a sentenza núm 587/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de





Galicia, no recurso de apelación 95/2017, promovido polo Concello de Ourense e por don José Antonio Filgueira Formoso.

2º. No suposto de que se interpoña recurso de casación polas outras partes, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Supremo. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Personal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- Personamento do Concello diante do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Ourense, no P.O. 937/21, seguido en virtude de demanda formulada por GESICO Compra de Impagados SL.. Expte 2021043899.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada que o Concello de Ourense foi emplazado polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Ourense, no P.O. 937/21, seguido en virtude de demanda formulada por GESICO Compra de Impagados SL en reclamación da cantidade de 7.691,71 euros, en concepto de xuros de demora dimanantes da factura correspondiente as obras de urbanización da Rúa Antolín Losada Torvisco e prolongación Bieito Amado de Ourense.

Esta avogacía considera convinte o personamento do Concello no devandito procedemento.

9.- Dar conta do Auto ditado polo Xulgado Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense no procedemento abreviado 4/2021, interposto por Sacyr Social S.L.. Expte. 2021043935

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer**, o Auto de data 28 de outubro de 2021 ditado polo Xulgado Contencioso-administrativo num. 2 de Ourense no procedemento abreviado 4/2021, interposto por Sacyr Social S.L

2º.- **Darlle traslado** do Auto ao Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- Dar conta da Sentenza ditada polo Xulgado de Instruccion num. 1 de Ourense, no Xuizo sobre delictos leves 1561/2020, seguido contra María Belén Santamaría de Vigo, por un delicto de danos. Expte. 2021043946.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza 230/2021 ditada polo Xulgado de Instruccion num. 1 de Ourense, no Xuizo sobre delictos leves 1561/2020, seguido contra María Belén Santamaría de Vigo, por un delito de danos.



2º.- **Darlle traslado** da Sentenza á Policía Local para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- Sentenza ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4165/2021, promovido por Dª Pilar Martínez Rivas. Expte. 2021043978.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza de 22 de outubro de 2021, ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4165/2021.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- Sentenza núm. 187/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 21/2021, promovido por la Dª Fátima García González. Expte. 2021044482.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 187/2021, de 2 de novembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 21/2021.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistoria.

3º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- Sentenza núm. 217/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 264/2020, promovido pola entidade, PARADELO SA. EXPTE. 2021044571

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** a sentenza núm. 217/2021, de 22 de outubro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no recurso procedemento abreviado núm. 264/2020, promovido pola entidade, PARADELO SA.

2º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- Auto núm. 121/2021 ditado pola Sección especial de Casación Autonómico do Tribunal



Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de casación autonómico núm. 4234/2021, promovido por Benito López González S.A. EXPTE. 2021044578.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer** o auto núm. 121/20221, de 4 de novembro de 2021, ditada pola Sección especial de Casación Autonómico do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de casación autonómico núm. 4234/2021, promovido por Benito López González, S.A.

2º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Urbanismo, Negociado de Licencias, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15.- Sentenza núm. 655/2021 ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 239/2021, promovido por Dª Mª Manuela Nascimento Fariñas. EPTE. 2021044579

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 655/2021, de 10 de novembro de 2021, ditada pola Sala contencioso-administrativa, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 239/2020 promovida por Dona Mª Manuela Nascimento Fariñas.

2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistoria.

3º.- **Darlle traslado** da Sentenza ao Servizo de Recursos Humanos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

16.- Gómez P, S.L., representada por don Juan Carlos Ferro González, licenza urbanística de segregación de locais, sita Diego Sarmiento Acuña. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016029929.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder a sociedade "GOMEZ P, S.L.", representada por don Juan Carlos Ferro González, licenza urbanística de segregación de locais, previa agrupación instrumental, sitos no edificio número 8E da rúa Diego Sarmiento Acuña, coas referencias catastrais 4275026NG9847N0100YO e 4275026NG9847N0101UP, de conformidade coa descrición que se fai no proxecto de segregación asinado polo arquitecto don Nicanor Cid Lama, obrante no expediente, e que a continuación se describe:



Agrupación instrumental dos seguintes locais:

Finca "Local 3".

Finca sita no edificio número 8 E da rúa Diego Sarmiento Acuña. Pertencente á clasificación de solo urbano consolidado e cunha superficie de 75,30 m². Coa referencia catastral 4275026NG9847N0100YO. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Co patio do edificio, vivenda do edificio na rúa Diego Sarmiento Acuña número 8D e escaleiras de acceso a planta de semisoto.
- Sur: Co portal do edificio.
- Leste: Escaleiras de acceso a planta de semisoto e a rúa Diego Sarmiento Acuña.
- Oeste: Co patio do edificio, o portal do edificio e o local "4".

Finca "Local 4".

Finca sita no edificio número 8 E da rúa Diego Sarmiento Acuña. Pertencente á clasificación de solo urbano consolidado e cunha superficie de 152,59 m². Coa referencia catastral 4275026NG9847N0101UP. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Co patio do edificio e o portal.
- Sur: Co portal do edificio, rúa Diego Sarmiento Acuña e rúa Cotarelo Valledor.
- Leste: Co patio do edificio, o portal, o local "3" e a rúa Diego Sarmiento Acuña.
- Oeste: Vivenda do edificio sito na rúa Cotarelo Valledor número 3.

Unha vez agrupadas ditas fincas e segregadas darían como resultado as seguintes fincas que se describen a continuación:

PARCELACIÓN:

FINCA RESULTANTE "Local 3".

Finca sita no edificio número 8 E da rúa Diego Sarmiento Acuña. Pertencente á clasificación de solo urbano consolidado e cunha superficie de 83,08 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Co patio do edificio, vivenda do edificio na rúa Diego Sarmiento Acuña número 8D e escaleiras de acceso a planta de semisoto.
- Sur: Co portal do edificio.
- Leste: Escaleiras de acceso a planta de semisoto e a rúa Diego Sarmiento Acuña.
- Oeste: Co patio do edificio, o portal do edificio e finca resultante "Local 4B o resto finca matriz".

FINCA RESULTANTE "Local 4A".

Finca sita no edificio número 8 E da rúa Diego Sarmiento Acuña. Pertencente á clasificación de solo urbano consolidado e cunha superficie de 58,16 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Co portal do edificio.
- Sur: Coa finca resultante "Local 4B o resto finca matriz", rúa Diego Sarmiento Acuña e rúa Cotarelo Valledor.
- Leste: Rúa Diego Sarmiento Acuña.
- Oeste: Coa finca resultante "Local 4B o resto finca matriz".

FINCA RESULTANTE "Local 4B o resto finca matriz".

Finca sita no edificio número 8 E da rúa Diego Sarmiento Acuña. Pertencente á clasificación de solo urbano consolidado e cunha superficie de 86,65 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa finca resultante "Local 4A".
- Sur: Coa rúa Cotarelo Valledor.
- Leste: Co patio do edificio, co portal, coa finca resultante "Local 4A" e coa finca resultante "Local 3".





- Oeste: Vivenda do edificio sito na rúa Cotarelo Valledor número 3.

Todo elo segundo planos obrantes no expediente.

Deberá aportarse ao expediente a oportuna escritura pública onde se reflicte o resultado da mista, aos efectos da súa validez para os expedientes que afecten ás fincas resultantes.

O presente acordo tomase en base os informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 18 de outubro do 2021 e informe xurídico de data 8 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme o establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

17.- D^a Teresa Saco Méndez, proxecto básico e de execución de reforma e cambio de uso de oficina a vivenda unifamiliar na planta primeira do edificio sita Santo Domingo 19. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021030248.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a Teresa Saco Méndez, con NIF ***5948**, licenza de obra para proxecto básico e de execución de reforma e cambio de uso de oficina a vivenda na planta primeira do edificio sito na rúa Santo Domingo nº 19 de Ourense (con núm. de referencia catastral 3782009NG9837N0004DY), consonte ao proxecto redactado pola arquitecta Beatriz Martínez Alonso, quen asume a dirección das obras, asumindo tanto a dirección de execución material como a coordinación de seguridade e saúde a arquitecta técnica Montserrat Pereira Pinto, cun orzamento de execución material de 32.919,17 euros, e de conformidade cos informes da arquitecta municipal de 23 de agosto de 2021, co ditamen da CTMPBC de 8 de outubro de 2021 e co informe xurídico de data 5 de novembro de 2021, dos cales se achega copia a efectos de motivación.

2.- Requerir aos solicitantes para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Rexime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o



día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, del Suelo de Galicia o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte o que se reciba o presente documento non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no paragrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

APERTURAS

18.- "MERCADONA S.A." Expediente de Aperturas 2018034510.- Licenza de obra de reforma interior de supermercado na rúa Leiras Pulpeiro, nº 3, con Avenida do Regato, nº 6.





A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a sociedade "MERCADONA, S.A.", co CIF.- A46103834, licenza urbanística de obra para proxecto de reforma de local comercial para supermercado sito entre as rúas Leiras Pulpeiro -número 3- coa Avenida do Regato -número 6-, consonte o proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico don Francisco Ferreiro Silva, asumindo a dirección facultativa das obras o arquitecto técnico don Hector Montes Nosti, cun orzamento de execución material de 220.931,28 €, de conformidade cos informes técnicos e xurídico emitidos ao respecto.

2.- Requerir ó interesado para que achegue o certificado final de obra, asinado polo técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, advirtíndolle que non exerza actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.

3.- Remítase copia do presente acordo o expediente da Sección de Disciplina Urbanística número 2019017060, os efectos oportunos.

O presente acordo tomase en base o informe da Arquitecta Técnica Municipal de data 24 de xaneiro do 2020; o informe da Enxeñeira Técnica Industrial Municipal de Control Acústico de data 23 de xuño do 2020; do Oficial de Bombeiros do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios, Salvamento e Protección Civil de data 2 de setembro do 2021, e, o informe xurídico de data 4 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun



procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

19.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar por lotes o servizo de mantemento e conservación da sinalización horizontal e vertical de tráfico do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2021036844)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Aprobar o expediente para contratar por lotes o servizo de mantemento e conservación da sinalización horizontal e vertical de tráfico do Concello de Ourense, coa correspondente aprobación das cláusulas administrativas e técnicas:

LOTES	Custe sen IVE	IVE 21%	Presuposto Base de Licitación anual
Lote 1	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €
Lote 2	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

2º.- Aprobar o gasto correspondente ao contrato, por un importe de 266.200,00 €, con cargo aos



seguintes créditos:

Lote 1			
Año	Nº operación	Aplicación presupuestaria	Importe con IVA
2021	202100056051	240.1330.21900	1.989,00 €
2022	202100056052	240.1330.21900	60.500,00 €
2023	202100056050	240.1330.21900	58.511,00 €

Lote 2			
Año	Nº operación	Aplicación presupuestaria	Importe con IVA
2022	202100056053	240.1330.21900	67.627,00 €
2023	202100056055	240.1330.21900	72.600,00 €
2024	202100056054	240.1330.21900	4.973,00 €

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e tramitación ordinaria.

4º.- Nomear responsable do contrato á Intendente xefa da Policía Local, e como substituto ao inspector principal Benjamín González Quintana.

POLICÍA LOCAL

20.- Anulación e liberación de crédito da fase A de gasto do contrato de subministración de seis vehículos patrulla para a Policía Local de Ourense, en réxime de arrendamento con mantemento (renting). Expte. 2021042213.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Acordar a anulación e a liberación do crédito da fase A de gasto do contrato de subministración de seis vehículos patrulla para a Policía Local de Ourense, en réxime de arrendamento con mantemento (renting), co núm. de operación 202100009924, por importe de 72.836,41 €.

Segundo.- Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos contables oportunos.

OFICIALÍA MAIOR

21.- Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

PRIMEIRO.- Delegar con carácter xeral, sen prexuízo das delegacións específicas que se determinan no punto segundo, e unicamente no ámbito das materias propias da súa área ou delegación, na Alcaldía e nos concelleiros aos que se lles atribúen responsabilidades de goberno, as seguintes competencias da Xunta de Goberno local:

a) O exercicio da potestade sancionadora en xeral e a adopción de medidas cautelares por incumprimento do disposto nas ordenanzas municipais, cando non estivese expresamente atribuída ao Alcalde por Lei, no ámbito das competencias que lles delegue a Xunta de Goberno Local en relación coa área ou servizo que lles atribúa, salvo os expedientes disciplinarios incoados ao persoal funcionario municipal por falta moi grave con proposta de separación do servizo que non resulta delegable.

b) En xeral os actos de impulsión e mero trámite dos expedientes cuxa resolución final sexa competencia da Xunta de Goberno e esta non as teña delegado, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa.

c) Contratación de carácter menor de acordo co establecido no orzamento municipal e as súas bases de execución (inclúe autorización e disposición). Asemade delégase, no seu caso, a designación do persoal municipal responsable do contrato.

d) A solicitude, tramitación e xustificación de subvencións.

e) A resolución dos expedientes de concesión de subvencións, premios e bolsas, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa. Quedan exceptuadas as subvencións para a rehabilitación de vivendas nos ARRU declarados no termo municipal de Ourense, respecto das cales, a competencia permanecerá na Xunta de Goberno Local.

f) Aprobación de convenios nos termos e formalidades esixibles na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquela que a veña a substituir, agás aqueles que conteñan obrigas de carácter económico para o Concello.

g) Aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo, correspondente ás obras nas vías e terreos de uso público, edificacións afectas ao servizo público ou calquera outro ben de carácter patrimonial.

h) A resolución dos recursos de reposición que se presenten contra os decretos que se diten no exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, conforme ó establecido no artigo 115.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDO.- Delegar nos seguintes concelleiros e na Alcaldía, con carácter específico, as seguintes competencias:

1.- Delegar no concelleiro don **Jorge Pumar Tesouro en relación coa Área de **MEDIO AMBIENTE**:**

En materia de medio ambiente:

1.1- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

1.2- O exercicio da potestade sancionadora de conformidade co previsto no artigo 26 da ordenanza municipal reguladora de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais.





1.3- Exercer a potestade sancionadora e a adopción de medidas cautelares e de execución subsidiaria en materia de disciplina ambiental, salvo que por Lei se atribúan a outros órganos municipais.

1.4- A aprobación dos proxectos de obras.

2.- Delegar na concelleira dona **Sonia Ogando Vázquez en relación coa Área de **URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO**:**

2.1- En materia de urbanismo:

- a) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas para obras que non requiran proxecto técnico, conforme ó disposto na normativa vixente de ordenación da edificación.
- b) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas de primeira ocupación.
- c) A tramitación, concesión, denegación e revogación dos títulos administrativos habilitantes de natureza urbanística para a instalación de carteis publicitarios.
- d) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas de ocupación da vía pública municipal e doutros bens de uso público municipal (guindastres, estadas, colectores de residuos de obra, etc...)
- e) Acordos sobre renuncia á súa utilización e transmisión de licenzas de contido urbanístico, formuladas polo titular das mesmas.
- f) A adopción de resolucións sobre devolucions de fianzas para responder de danos á vía pública na execución de obras ou na ocupación da vía pública.
- g) Tramitación de expedientes correspondentes a títulos habilitantes para a apertura, funcionamento, instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade recreativa, espectáculo público, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, aínda sexan de foma eventual ou de temporada, incluso en zonas privadas, suxeitas ao ámbito de competencias do Concello, segundo o establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou calquera que veña a substituíla ou modificala.
- h) Tramitación e, no seu caso, resolución de expedientes de expedición de títulos habilitantes en materia urbanística nos supostos de declaración responsable e comunicación previa.
- i) Tramitación e emisión de requirimentos de corrección de deficiencias a actividades comerciais, industriais e profesionais cuxa instalación e funcionamento estivesen autorizados ou comunicados (incluídas as actividades cualificadas).
- j) Tramitación e, cando proceda, resolución dos expedientes para a instalación de rótulos comerciais vinculados a unha actividade.
- k) Desestimento ou renuncia de solicitudes de tramitación de procedementos en materia urbanística.
- l) Declaración de caducidade por simple inactividade do interesado na cumprimentación de trámites indispensables para ditar resolución, de conformidade co previsto na normativa sobre procedemento administrativo común.
- m) Subscribir convenios de colaboración previstos na lexislación urbanística para a execución das obras de urbanización nos distintos sistemas de actuación.
- n) Resolver sobre a recepción provisional e definitiva das obras de urbanización.
- ñ) Presidir o levantamento das actas previas nos expedientes de expropiación, así como as de depósito e ocupación, e as de mutuo acordo, pago e ocupación.
- o) Resolver sobre a devolución de fianzas e garantías depositadas para responder das obrigas urbanísticas.



2.2- En materia de patrimonio:

- a) A incoación e tramitación de expedientes administrativos de investigación, deslinde, recuperación de oficio e desafuizamento de bens, tanto de dominio público como patrimoniais de titularidade municipal.
- b) As competencias de incoación e instrucción dos expedientes de responsabilidade patrimonial.
- c) Incoación, tramitación e resolución de accións de regreso contra os concesionarios ou contratistas por responsabilidade patrimonial cando o importe sexa inferior a 15.000 euros.

3.- Delegar no concelleiro don **José Mario Guede Fernández**, en materia de **DEPORTES**:

- As de carácter xenérico.

4.- Delegar na concelleira dona **Flora Moure Iglesias**, en relación coa Área de **TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ e XUVENTUDE**:

- a) As de carácter xenérico.
- b) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

5.- Delegar na concelleira dona **Eugenia Díaz Abella** en relación coa Área de **SERVIZOS SOCIAIS**:5.1- En materia de asuntos sociais:

- a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: a tramitación e resolución en materia de concesións, tales como kioscos, revogación ou denegación de reservas de aparcamento e tarxetas de estacionamento á persoas con discapacidade.
- b) Tramitación e resolución en materia de concesión, revogación ou denegación de axudas económicas individualizadas non periódicas; do servizo de axuda no fogar; do servizo de teleasistencia domiciliaria e do servizo do centro de día.
- c) Concesión directa de subvencións por motivos de interese humanitario debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública e teñan por beneficiario a persoas físicas, con importe igual ou inferior a 5.000 euros, segundo o disposto na Lei xeral de subvencións, na súa normativa de desenvolvemento e nas bases de execución do orzamento municipal aprobado para cada exercicio económico.

5.2- En materia de saúde:

- a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: as licenzas por tenza de animais potencialmente perigosos; a concesión de dereitos funerarios e expedición de documentos acreditativos da titularidade dos mesmos, así como o cambio de titularidade; gravación de lápidas.
- b) Tramitación e resolución de expedientes relativos á xestión de animais recollidos no refuxio municipal de Eiroás; en particular, a declaración en vía administrativa da condición de animal abandonado conforme ao previsto na Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

5.3- En materia de Muller e Igualdade:

- a) Muller: inclúe centro de información á muller e casa de acollida.
- b) Políticas de igualdade.





6.- Delegar no concelleiro don Telmo Manuel Ucha Álvarez en relación coa Área de SEGURIDADE CIDADÁ :

- a) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas para a entrada de vehículos; reserva de estacionamento para carga e descarga de mercadorías de calquera clase na vía pública, así como a modificación de esta, a súa transmisión, renuncia e revogación.
- b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de vaos.

7.- Delegar na concelleira dona Ana María Fernández Morenza en relación coa Área de ECONOMÍA E FACENDA :

- a) O recoñecemento de obrigas, excepto en materia de gastos de persoal.
- b) En relación aos ingresos de natureza non tributaria: a aprobación das liquidacións e padróns correspondentes, así como os actos resolutorios nos procedementos de recadación e xestión en vía voluntaria en relación aos mesmos.
- c) Revisión de prezos.
- d) Aprobación de liquidacións de empresas concesionarias.
- e) Anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar.
- f) Colocación de excedentes de tesouraría.
- g) Devolucións de ingresos de carácter non tributario.
- h) Aprobación de contas xustificativas de subvencións concedidas.
- i) Aceptación de cesións a título gratuito de bens inmobles e dereitos.

8.- Delegar no concelleiro don Armando Ojea Bouzo en relación coa Área de SERVICIOS XERAIS

As de carácter xenérico.

1- En materia de comercio:

- a) A concesión de autorizacións de uso común especial normal ou ocupación das vías públicas, así como réxime sancionador (inicio e resolución) e a declaración da súa caducidade nos seguintes supostos:
 - Instalación de mesas, veladores, cadeiras, sombrillas, xardineiras, mamparas ou calquera outro tipo de separador para uso hosteleiro.
 - Incoación, concesión ou revogación de autorizacións para a venda ambulante (agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).
- b) A adopción de medidas cautelares.
- c) O exercicio da potestade sancionadora pola venda na vía pública fóra de establecementos comerciais permanentes.
- d) A concesión de autorizacións de postos de venda nos mercados municipais: Praza de Abastos nº 1 e Praza de Abastos nº 2.
- e) Publicidade en Mupis na vía pública.
- f) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial Ila atribúa expresamente a outro órgano, (inclúese especificamente a tramitación, concesión, ou revogación de licenzas para venda ambulante, agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas do barrios de Ourense).
- g) A concesión de autorizacións para actividades varias que impliquen a ocupación temporal de dominio público e que non estean atribuídos de forma expresa a outro departamento



municipal (a título de exemplo: mesas informativas, actividades recreativas e artísticas temporais na vía pública, actividades promocionais e outras de semellante natureza).

9.- Delegar na Alcaldía en relación coas seguintes áreas:

9.1- RECURSOS HUMANOS:

- a) A xestión do persoal.
- b) O desenvolvemento da xestión económica, incluíndo a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas; así como a disposición de gastos para anticipos de haberes ó persoal.
- c) Despido do persoal laboral.
- d) Aprobación de bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.
- e) Réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.
- f) Calquera outra decisión en materia de persoal non atribuída expresamente a outro órgano.
- g) O exercicio das atribucións de xestión da negociación colectiva no ámbito do Concello de Ourense, comprendendo as seguintes facultades:
 - A representación do Concello na Mesa Xeral de Negociación.
 - A facultade de convocar ás organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral para a realización de reunións, de oficio ou a petición destes.
 - A facultade de propoñer a negociación de pactos e acordos en calquera materia suxeita a negociación colectiva, así como a de negociar calquera proposta formulada polos suxeitos lexitimados, sen prexuízo da necesidade, para a súa aprobación e efectividade, da posterior ratificación dos pactos ou acordos acadados polos órganos municipais competentes en cada caso.

No exercicio das súas facultades de xestión da negociación colectiva, o Alcalde estará asistido polo Coordinador Xeral de Administración Municipal e o Director Xeral de Recursos Humanos, así como por calquera outro órgano directivo ou funcionario municipal que estime oportuno, que asistirán, cando sexan requiridos pola Alcaldía, con voz pero sin capacidade decisoria, ás sesións da Mesa Xeral de Negociación. Igualmente, poderán asistir á Mesa Xeral de Negociación o resto de concelleiros delegados, cando consideren que a negociación afecte a materias da súa competencia, sen prexuízo de que a representación da Administración municipal corresponda á Alcaldía .

9.2- SERVIZOS XERAIS

- En materia de **contratación:**

1.- A adopción da totalidade dos actos de trámite e resolución nos procedementos de contratación suxeitos ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, agás os seguintes actos:

- a) Os relativos á contratación menor, que corresponderán á Alcaldía ou aos concelleiros–delegados por razón da materia, conforme ao apartado primeiro, letra c) deste acordo.
- b) Os actos de aprobación dos expedientes de contratación e aprobación dos pregos de cláusulas económico – administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, así como as súas modificacións.
- c) A adxudicación de contratos de concesión de servizos e concesión de obras públicas, así como a adxudicación dos contratos de servizos á cidadanía previstos no artigo 312 da Lei de Contratos do Sector Público.
- d) A adxudicación dos contratos nos que os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor representen máis do 25 % da puntuación total posible.
- e) A aprobación da modificación e prórroga dos contratos.

2.- En todo caso, na delegación de atribucións entenderanse incluído o exercicio das seguintes facultades:

- 2.1.-A aprobación dos reaxustes de anualidades en contratos plurianuais.



2.2.-A autorización do gasto nos procedementos de contratación pendentes de licitación, negociación ou adxudicación cuxos expedientes foran aprobados en exercicios anteriores pola Xunta de Goberno e cuxa dotación orzamentaria se incorpore ao exercicio correspondente.

9.3- INFRAESTRUTURAS

En materia de infraestruturas:

- a) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, as licenzas de canalizacións e acometidas de servizos e infraestruturas básicas)
- b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de ocupación temporal da vía pública por obras de canalización na vía pública.
- c) A aprobación dos proxectos de obras.
- d) O exercicio da potestade sancionadora para a incoación e resolución do procedemento sancionador por infraccións derivadas da aplicación das ordenanzas municipais referidas á Área.

9.4- EDUCACIÓN E CULTURA

1.- En materia de educación:

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva de solicitudes de concesión e revocación de prazas para actividades desenvolvidas e convocadas pola Área de Educación.

2.- En materia de cultura:

- a) A tramitación e adopción de acordos, incluída a adxudicación e a designación do persoal municipal responsable do contrato, nos expedientes de contratos de natureza artística que se tramiten por procedemento negociado.
- b) A tramitación e resolución de expedientes para a obtención de autorización ou o título habilitante que proceda para a instalación, actividade e ocupación da vía pública de titularidade municipal, de conformidade coa normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, referida a festas organizadas ou coorganizadas polo Concello de Ourense e ás festas dos barrios de Ourense (inclúe escenarios, barracas, atraccións de feira, casetas e postos de venda ambulante e semellantes vinculados á actividade festiva).
- c) Autorizacións para a utilización do Auditorio Municipal e dos espazos expositivos dependentes da Concellería de Cultura.

9.5- PROMOCIÓN ECONÓMICA

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva das solicitudes de niños empresariais.

9.6- MOBILIDADE E TRANSPORTE

- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, a concesión de licenzas de taxi, a súa transmisión e revogación, cambios de vehículo, concesión de permisos de condutor; e, incoación e resolución de expedientes en materia de transporte público de viaxeiros).



TERCEIRO.- No suposto de delegación de competencias por decreto da Alcaldía pola ausencia do/a titular dunha Concellería durante un período determinado de tempo, o concelleiro nomeado asumirá todas as competencias da Área de goberno municipal correspondente -tanto as xenéricas como as específicas- delegadas pola Xunta de Goberno local no concelleiro titular por apartados anteriores. De cada decreto de delegación daráselle conta á Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

CUARTO.- As delegacións contidas neste acordo poderán modificarse ou revogarse, total ou parcialmente pola Xunta de Goberno local, en calquera momento de conformidade co establecido nos artigos 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 116 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

QUINTO.- A Xunta de Goberno local poderá avogar para si, mediante acordo motivado, o coñecemento dun ou varios asuntos en materias delegadas nos concelleiros, cando circunstancias de índole técnica, económica, social ou xurídica o fagan conveniente, sen que elo supoña unha alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas, de conformidade co previsto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

SEXTO.- Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

SÉTIMO.- Notificarlle persoalmente o presente acordo aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

OITAVO.- Deste acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data a súa adopción.

NOVENO.- Revogar os anteriores acordos de delegación de competencias da Xunta de Goberno local, en canto resulten incompatibles co presente.

DÉCIMO.- Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

22.- Modificación núm. 2/2021 da relación de Postos de Traballo do Consello Municipal de Deportes de Ourense (Modificación do posto de Xefatura do Consello Municipal de Deportes). (Expte. Núm. Cividas: 2021035042).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Modificar o posto de traballo da Xefatura do Consello Municipal de Deportes, quedando configurado nos seguintes termos:





- **Denominación do posto:** XEFATURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES
- **Código do posto:** CMD001
- **Número de postos:** 1
- **Natureza xurídica:** funcionario.
- **Adscripción orgánica:** Xerencia do CMD
- **Carácter:** singularizado.
- **Clasificación profesional:** Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica / Escala de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescalas de Secretaría, Intervención – Tesourería e Secretaría - Intervención / Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase de Prazas de Cometidos Especiais, Categorias: Técnico Superior Universitario de Administración Financeira e Tributaria /Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior, Categoría: Economista Municipal.
- **Subgrupo de titulación:** A1.
- **Complemento de destino:** 28.
- **Complemento específico:** 19
- **Requisitos específicos de desempeño:** ningún
- **Forma de provisión:** Libre designación. Posto aberto á súa cobertura por persoal doutras administracións públicas.
- **Funcións do posto:**
 - Asistir a tódalas sesións do Concello Reitor, con voz pero sen voto.
 - Formar a proposta de orzamentos do Consello Municipal de Deportes, asistido pola Xerencia, a Intervención e persoal designado ao efecto.
 - Informar ao Consello Reitor nas sesións ordinarias, asistido do persoal que se designe, do estado de caixa e movemento de fondos.
 - Executar as ordes de pagamento acordadas pola Presidencia.
 - A xestión económico – financeira, en canto ao manexo e custodia de fondos, valores e efectos.
 - Dirección contable e financeira e formación da Conta Xeral do Consello Municipal de Deportes.
 - Dirección da xestión tributaria e recadatoria do Consello Municipal de Deportes.
 - A formación do inventario de bens do Consello Municipal de Deportes.
 - Dirección da xestión dos expedientes de recursos humanos do CMD.
 - Dirección da xestión de expedientes de contratación do CMD.
 - Dirección da xestión de expedientes de subvencións do CMD.
 - Elaboración de informes e propostas de resolución no ámbito das súas funcións.
 - Prestación de asistencia e asesoramento ao resto de unidades administrativas do CMD no que se refira á tramitación de expedientes de de xestión de ingresos e gastos.
 - Funcións de secretaría das Mesas de Contratación, Comisións de Valoración ou órganos colexiados análogos do CMD, sen prexuízo da posibilidade da súa encomenda a outro personal do organismo.
 - Manexo de aplicacións informáticas precisas para a realización das súas funcións.
 - Calquera outra función análoga propia do posto ou categoría profesional, así como calquera outra que poida atribuírle a normativa vixente.

Segundo.- Someter o presente acordo a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá



ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

23.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Dáse conta expresamente do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021008422 de data 16 de novembro de 2021, de Delegación de Competencias.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Á vista do informe xustificativo que forma parte do expediente asinado polo Director Xeral de Recursos Humanos, don Eduardo González Gil, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acorda a inclusión na orde do día da sesión do seguinte asunto:

CONCELLERÍA DE RECURSOS HUMANOS

24.- Ratificación con efectos de remisión ao Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade a aprobación do anexo de xornada xeral ordinaria e a modificación do artigo 16 do Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes. Expediente 2021021767.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

- 1.- Ratificar** o punto número 20 do acordo de Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria de data 14 de outubro de 2021, aos efectos de remitir, de conformidade co artigo 90.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Público, o acordo ao Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e plan de igualdades, para o seu rexistro e posterior publicación.
- 2.- Ordear** ao Servizo de RRHH a remisión do mesmo ao Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e plan de igualdades, para o seu rexistro e posterior publicación (REGCON), no prazo máximo de quince días dende a adopción do mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e cincuenta e cinco minutos (08h:55'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

